



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0270	Acabamentos en confección	2024/2025	6	140	140

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RAQUEL ÁLVAREZ GONZÁLEZ, AROA VEIGA DA ROCHA (Subst.), TAMARA VALVERDE PEREIRA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación didáctica está deseñada para pautar o desenvolvemento das ensinanzas do módulo Acabamentos en confección (código:MP0270 e 140 horas de duración) conducente á obtención do título de Técnico en confección e moda segundo o decreto 72/2010.

A competencia xeral deste título consiste en confeccionar á medida e industrialmente pezas, complementos e outros artigos téxtiles e de pel, conforme especificacións de calidade, seguridade e protección ambiental. Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de remate de produtos de confección de tecidos e peles.

As actividades profesionais asociadas son exercidas en establecementos e industrias de confección e moda adicados á preparación e o corte de materiais, á produción de pezas, ao remate industrial de pezas e complementos de vestir en téxtil e pel e artigos téxtiles para o fogar, usos industriais e deportivos. De igual modo, pode exercer a súa actividade en establecementos dedicados á realización de vestuario a medida.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), f), g), i),k), e p) do ciclo formativo, e as competencias a), b), d), e), g), h), i) e l).

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Acabamentos de confección	Aprenderemos diferentes acabamentos de confección e tipos de fornitureas	45	30
2	A imaxe de marca e etiquetas	Etiquetaxe dos produtos rematados. Normativa e ficha técnica.	15	10
3	Acabamentos en húmido e en seco	Aprenderemos os diferentes tipos de acabamentos aplicados a prendas e tecidos	20	15
4	Acabamentos especiais: bordados e aplicacións	Aplicaremos diferentes técnicas de adobio a produtos textíes	30	20
5	Riscos inherentes ao proceso de acabamentos	Analizaremos os riscos de seguridade personal e medioambiental dos procesos de acabamentos	10	5
6	O ferro final e a presentación comercial	Aprenderemos as técnicas de pasada de ferro final e presentación ós produtos realizados	20	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Acabamentos de confección	45



4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara máquinas e outros equipamentos de acabamentos en confección, xustifica a secuencia de operacións e identifica os parámetros de funcionamento.	NO
RA2 - Remata o produto de confección, analiza as súas características e xustifica a técnica seleccionada.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse a información e os manuais no referente ao funcionamento, á utilización e á posta a punto das máquinas e dos equipamentos de remate.
CA1.3 Preparáronse os utensilios e os materiais requiridos para o remate de produtos de confección.
CA1.4 Comprobouse o correcto funcionamento dos seus sistemas de seguridade.
CA1.6 Realizouse a preparación e mantemento con autonomía, orde, método e precisión.
CA2.5 Comprobouse a calidade do remate e asegurouse de que o produto non sufra alteracións de forma.
CA2.7 Valora o traballo realizado en relación as fichas de control de calidade de pezas exteriores en confección industrial e á medida.
CA2.8 Interpreta as fichas técnicas de remate de confección industrial en pezas exteriores.
CA2.9 Aplica o remate manual e á máquina de pezas exteriores en téxtil.

4.1.e) Contidos

Contidos
Información técnica para o proceso de remate.
Posta a punto das máquinas de acabado.
Sistemas de seguridade específicos: funcionamento e comprobación.
Mantemento de primeiro nivel en máquinas e ferramentas de remate.



Contidos
Remate manual de pezas exteriores en téxtil. Remate manual de pezas exteriores de pel. Remate manual de pezas exteriores en xénero de punto. Fichas técnicas de remate de confección industrial en pezas exteriores. Fichas de control de calidade de pezas exteriores en confección industrial e á medida.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A imaxe de marca e etiquetas	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Presenta artigos rematados, para o que analiza fichas técnicas, etiquetaxe e a normativa.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.3 Descríbóñse as características da etiquetaxe exterior.
CA5.4 Etiquetáronse pezas e artigos téxtiles e de pel.
CA5.7 Descríbóñse as características da etiquetaxe permanente

4.2.e) Contidos

Contidos
Etiquetaxe: tipos e características.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Acabamentos en húmido e en seco	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara máquinas e outros equipamentos de acabamentos en confección, xustifica a secuencia de operacións e identifica os parámetros de funcionamento.	NO
RA2 - Remata o produto de confección, analiza as súas características e xustifica a técnica seleccionada.	NO
RA3 - Aplica tratamentos especiais de remate de pezas e artigos téxtiles e de pel, e analiza os aspectos e as características que marcan as tendencias de moda.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Descríbense as características das máquinas e dos equipamentos de remate.
CA2.1 Descríbense os procedementos de termofixación.
CA2.2 Descríbense as técnicas de remate: lavado, vaporización e secado.
CA2.4 Aplicáronse técnicas de remate en seco e húmidas.
CA2.4.1 Descríbense as técnicas de remate en seco
CA2.4.2 Descríbense as técnicas de remate en húmido
CA2.6 Analízase o comportamento dos materiais no proceso de remate.
CA3.3 Aplicáronse tratamentos especiais de remate de pezas para lles conferir características asociadas ás tendencias ou aos estilos de moda.
CA3.3.2 Aplicáronse tratamentos especiais de tintura ás pezas para lles conferir características asociadas ás tendencias ou aos estilos de moda.



Criterios de avaliación
CA3.4 Identifícaronse e preparáronse produtos químicos utilizados nos tratamentos especiais de acabado.
CA3.8 Realiza fichas técnicas de acabamentos especiais
CA3.8.2 Realiza fichas técnicas de tintura ou estampación
0CA3.10 Deseña tratamentos especiais de remate de pezas e artigos téxtiles e de pel seguindo as tendencias de moda.
0 CA3.10.1 Deseña tratamentos especiais de tintura ou estampación sobre artigos téxtiles e de pel seguindo as tendencias de moda.

4.3.e) Contidos

Contidos
Maquinaria para a termofixación e o remate en seco e húmido de pezas e artigos téxtiles. 0Lavado: programas, parámetros e procedementos. Vaporización: comportamento dos materiais. Secado: características e parámetros. Características para conferir: aspecto, tacto e propiedades físicas. Panel de inspiración como ferramenta previa á ficha técnica Procesos especiais de acabado. Produtos químicos: tipos, usos e efectos obtidos. Tratamentos especiais: avellentamento, plisaxe, descoloración, abrasión total, lavado á pedra, laser marking , tie dye e scrunch .

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Acabamentos especiais: bordados e aplicacións	30



4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Remata o produto de confección, analiza as súas características e xustifica a técnica seleccionada.	NO
RA3 - Aplica tratamentos especiais de remate de pezas e artigos téxtiles e de pel, e analiza os aspectos e as características que marcan as tendencias de moda.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Analizouse o comportamento dos materiais no proceso de remate.
CA3.1 Descríbense as características dos acabamentos especiais asociadas ás tendencias ou aos estilos de moda.
CA3.2 Preparáronse e programáronse equipamentos e máquinas para procesos especiais de acabado.
CA3.3 Aplicáronse tratamentos especiais de remate de pezas para lles conferir características asociadas ás tendencias ou aos estilos de moda.
CA3.3.1 Aplicáronse tratamentos especiais de bordado e/ou aplicacións ás pezas para lles conferir características asociadas ás tendencias ou aos estilos de moda.
CA3.5 Aplicáronse tratamentos especiais de avellentamento, plisaxe, abrasión local, etc.
CA3.6 Controláronse os parámetros de tempo, temperatura, presión e, de ser o caso, adición de produtos químicos ou abrasivos en cada un dos tratamentos especiais aplicados.
CA3.7 Pasóuselles o ferro ás pezas ou aos artigos tratados, para lles proporcionar a súa conformaxe prevista.
CA3.8 Realiza fichas técnicas de acabamentos especiais
CA3.8.1 Realiza fichas técnicas de bordados e aplicación
CA3.9 Realiza aplicacións exteriores e de adobío en pezas rematadas.
0CA3.10 Deseña tratamentos especiais de remate de pezas e artigos téxtiles e de pel seguindo as tendencias de moda.
0 CA3.10.2 Deseña aplicacións e bordador sobre artigos téxtiles seguindo as tendencias de moda.



4.4.e) Contidos

Contidos
Fichas técnicas de remate de confección á medida en pezas exteriores. Aplicacións exteriores e de adobio en pezas rematadas. Termofixación: procedementos e materiais. Panel de inspiración como ferramenta previa á ficha técnica Bordados, aplicacións e manipulación de tejidos

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Riscos inherentes ao proceso de acabamentos	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no remate de produtos de confección, e identifica os riscos asociados e as medidas de protección.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas e útiles para a confección á medida.
CA6.2 Operouse con máquinas de costura e acabado na confección á medida, respectando as normas de seguridade.
CA6.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas para costura e acabamentos na confección á medida.
CA6.4 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de confección á medida.
CA6.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de coser e pasar o ferro coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.



Criterios de avaliación
CA6.6 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do ámbito ambiental.
CA6.7 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA6.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección á medida.

4.5.e) Contidos

Contidos
Normas de prevención de riscos. Normativa de seguridade na utilización de maquinas, útiles e equipamentos complementarios e rematados de confección á medida. Elementos de seguridade implícitos en máquinas industriais de remate na confección industrial e á medida. Elementos externos de seguridade (luvas e lentes). Condições de seguridade no posto de traballo. Ergonomía na confección á medida. Limpeza e conservación das máquinas e do posto de traballo.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O ferro final e a presentación comercial	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Pásalles o ferro a pezas e a artigos téxtiles, e analiza a calidade do produto final.	SI
RA5 - Presenta artigos rematados, para o que analiza fichas técnicas, etiquetaxe e a normativa.	NO



4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñecéronse as máquinas, os equipamentos e os accesorios para a pasada do ferro a pezas e a artigos téxtiles.
CA4.2 Descríbóronse as fases do manexo de máquinas de pasar o ferro na confección á medida.
CA4.3 Aplicáronse técnicas de pasada para o remate das pezas confeccionadas á medida con tecidos de calada.
CA4.4 Aplicáronse técnicas de pasada para o remate das pezas confeccionadas á medida con tecidos de punto.
CA4.5 Aplicáronse técnicas de pasada para o remate das pezas de pel confeccionadas á medida.
CA4.6 Realizouse a presentación final das pezas de téxtil ou pel, procurando obter a aparencia máis selectiva posible.
CA5.1 Descríbóronse as técnicas e os materiais para a presentación de artigos acabados.
CA5.2 Aplicáronse técnicas para a presentación do artigo rematado.
CA5.5 Efectuouse a presentación final de artigos pregados, colgados en percha e embolsados.
CA5.6 Recoñecéronse os materiais e os tipos de almacenaxe das pezas e dos artigos acabados.

4.6.e) Contidos

Contidos
Maquinaria para lle pasar o ferro a pezas e artigos téxtiles.
Parámetros da pasada: temperatura, presión, tempo e vapor.
Procedemento de pasada en función dos seus parámetros e das características dos materiais, e das pezas ou dos artigos.
Pasada do ferro a pezas exteriores de tecidos de calada.
Pasada do ferro a pezas exteriores de xénero de punto.
Pasada do ferro a pezas e artigos téxtiles e de pel con acabamentos especiais.



Contidos
Operacións de presentación de artigos acabados. Maquinaria para o pregamento e o embolsamento. Pregamento e embolsamento de pezas e artigos téxtiles e de pel na confección industrial. Presentación final: criterios técnicos, estéticos e comerciais. Almacenaxe. Presentación final do produto.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. MÍNIMOS ESIXIBLES:

Analizada a realidade da contorna do centro e as posibles saídas laborais do alumnado, establécense unha serie de criterios de avaliación como claves na consecución da competencia establecida no currículo. A superación dos mesmos é, polo tanto, imprescindible para a avaliación positiva do módulo.

Éstes están sinalados cun si no apartado mínimo esixible (4.d.) para cada unidade didáctica, e se resumen a continuación:

"Rematar produtos de confección, preparando a maquinaria e equipamento, xustificando a secuencia de operacións e a técnica empregadas, e identificando os parámetros de funcionamento. Pasa-lle o ferro, etiquetar e presentar segundo o recollido nas fichas técnicas e analizando a calidade final do produto. Aplicar tratamentos especiais de remate de pezas e artigos téxtiles e de pel analizando os aspectos e características que marcan as tendencias de moda. Identificar os riscos e cumprir as normas de riscos laborais e ambientais."

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación realizarase ó longo de todo o proceso formativo do alumnado, por lo que ten un carácter continuo.

2.1. RELATIVO Á CUALIFICACIÓN

A nota de cada unha das avaliacións parciais virá dada pola suma das puntuacións ponderadas acadadas en cada unha das actividades calificables. A puntuación será de 1 a 10, sendo aprobado a partir dos 5 puntos. Neste caso aplicarase o redondeo matemático a partir do decimal 5.



Para que sexa positiva, terán que ser superados tódolos CA asignados como mínimos esixibles. No caso contrario, non se superará a avaliación, obtendo como máximo un 4, e deberán recuperarse.

2.2. RELATIVO ÓS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos empregados nas actividades calificables dentro de cada UD serán os indicados nos apartados 4.d. asociados a cada un dos CA. E serán aplicados nas porcentaxes que se indican para cada criterio no punto anteriormente indicado.

2.3. RELATIVO ÁS TAREFAS:

As tarefas que se avalien a través de listas de cotexo e táboas de observación serán feitas exclusivamente no taller.

As entregas dos produtos deberán ser feitas na data e forma sinaladas para este fin, agás motivo debidamente xustificado. No caso contrario, non se recollerán.

Unha tarefa non entregada será calificada con 0 puntos.

2.4. ACTUACIÓN ANTE AUSENCIAS XUSTIFICADAS DE XEITO REITERADO E/OU PROLONGADO:

Ao alumnado nesta situación contaráselle as entregas e probas ordinarias entregadas en tempo e forma. De non ter realizado e/ou entregado alguna, a calificación trimestral será como máximo un 4. Deberá recuperar os CA asociados ás tarefas que non se teñan entregado en tempo e forma debido á ausencia durante o período establecido para as recuperacións no mes de marzo, previo á FCT. A xustificación de faltas será segundo o recollido na Guía do alumando

2.4. RELATIVO Á CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

A avaliación final será a media ponderada da nota acadada en cada unha das UD, sendo a mesma calificación na segunda avaliación que na final no caso dos alumnos que superen o módulo.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Previa á realización da FCT en marzo, coincidindo coa segunda avaliación, daráse a posibilidade de entregar e/ou recuperar aqueles criterios de avaliación que non foran superados durante o curso.

O alumnado que non aprobe o módulo terá a posibilidade de recuperalo entre a segunda avaliación parcial e a avaliación final. Deixarase un período que se destinará á realización de actividades de recuperación dos CA non superados nas avaliacións ordinarias. Éstes quedarán recollidos no informe de avaliación individualizada realizado polo docente do módulo. Ditos informes servirán como base para o deseño das actividades de recuperación. Estas actividades serán avaliadas polo profesor e terán que ter igual ou máis de 5 puntos sobre 10 para dalas por superadas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

CAPÍTULO VIII. Avaliación das ensinanzas da formación profesional inicial.

Artigo 25. Aspectos xerais do proceso de avaliación.

Punto 5. O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

A proba de avaliación extraordinaria realizarase no mes de xuño e estará composta por un conxunto de actividades teóricas e prácticas nas que se verán representados os Criterios de Avaliación do módulo. Para acadar o aprobado o alumno terá que superar como mínimo 5 puntos sobre 10.

A normativa a seguir no relacionado ás faltas de asistencia e a súa xustificación, é a recollida na guía do alumnado para o presente curso.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Procedemento sobre o seguimento da programación:

Ao longo do curso procederase a verificar o cumprimento dos obxectivos marcados na programación didáctica a través do seguimento mensual na plataforma. Neste indicarase o grado de consecución e propostas de mellora.

Avaliación da práctica docente:

A práctica docente será avaliada periodicamente propoñendo enquisas ao alumnado. Estas serán facilitadas para tal fin polo departamento de calidade do centro ou polo propio docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso, nos primeiros días de clase haberá unha avaliación inicial co fin de coñecer os alumnos e así poder clasificar e adaptar a programación o seu nivel.

Neste senso realizarase unha actividade que enraíza co aprendido no curso anterior, a través da cal poder constatar os coñecementos previos do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. Capítulo VI. Alumnado con necesidades educativas especiais. Artigo 15. Ámbito e flexibilización modular de ciclos formativos. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

Así mesmo ós alumnos que mostren necesidades de reforzo educativo reiteraráselle os contidos con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado.

En canto ó alumnado que presente altas capacidades programaranse actividades de ampliación seguindo sempre as pautas marcadas no currículo.

En ámbolos dous casos solicitarase, de ser necesario, asesoramento ao departamento de Orientación do centro.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os aspectos transversais relacionados co módulo son os seguintes:

- Novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- Prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo, son conceptos que veñen recollidos nos propios criterios de avaliación do módulo. Por tanto non só están incluídos como aspectos transversais senón que son avaliábeis.
- Educación medioambiental. As materias primas que utilizamos, inciden directamente na calidade do medio ambiente. O uso de materias téxtis naturais o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrínsecamente pero tamén en forma de actividades específicas

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo cooperativo, a educación cívica, a igualdade sexual e de xénero e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no centro integrado e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación. A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

1. Actividades complementarias;

- Visitas a empresas téxtis , museos e outras, na comunidade autónoma e fora de ela.
- Visitas a feiras na comunidade autónoma e fora de ela.

2. Actividades extraescolares;

- Realizar os traxes dos desfiles do antroido
- As actividades que xurdan ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social.